



Concello de Monterrei

Expediente núm. 372/2025

Escudería Orense

Comunicolle que, en relación co asunto que a Vde. interesa, adoptouse o seguinte ACORDO:

10 de setembro de 2025
JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTINEZ
ALCALDE PRESIDENTE

Visto o expediente que se tramita a pedimento de Alejandro Fraga Paradela, en representación da empresa ESCUDERÍA ORENSE con CIF G32027344, para a celebración do 3º Rali da Água Transibérico Eurocidade Chaves - Verín ao seu paso polo Concello de Monterrei no que presenta a comunicación previa de actividade esixida no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e os artigos 23 e 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

No dito expediente constan os informes do secretario e da técnica municipal, de data 10 de setembro de 2025 no que se comproba que a actuación cumpre coa lexislación de aplicación

No exercicio das atribucións que me corresponden, segundo a normativa vixente de aplicación ao réxime local, **ACORDO:**

PRIMEIRO. - Autorizar a celebración dun tramo cronometrado do 3ª Rali da Água Transibérico Eurocidade Chaves - Verín o sábado 20 de setembro de 2025, entre as 09.23 h e as 18.00 h sempre que:

- As carpas ou estruturas móbiles provisionais e eventuais cumpran coa Norma UNE-EN 13782:2016. Estruturas temporais. Carpas. Seguridade e sempre e cando a súa instalación e desmontaxe non produza danos no pavimento, muros e edificacións existentes.
- Se conte coa autorización de: Dirección Xeral de Tráfico, da Deputación Provincial de Ourense (titular das estradas OU-1012 e OU-1014)
- Se solicite autorización á Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Ourense e á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior





Concello de Monterrei

- Esta autorización está condicionada á suscripción dun seguro de responsabilidade civil adecuado á actividade.

SEGUNDO. - Notificar esta resolución ao interesado.

Así o acordou e asina o alcalde, na data arriba indicada, perante min, o secretario, que dou fe.

O que lle notifico, significándolle que, contra este acordo, e sen prexuízo da súa inmediata executividade, cabe interpoñer o recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun (1) mes, ou ben acudir directamente á vía xudicial interpondo o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous (2) meses, sen que caiba simultanear ambos os dous recursos.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, no seu caso, caberá interpor recurso contencioso-administrativo.

Os prazos que se sinalaron computaranse a partir do día seguinte ao da notificación deste acordo. Durante o mes de agosto non correrá o prazo para interpor o recurso en vía xudicial contencioso-administrativa, salvo que se trate dun procedemento para a protección dos dereitos fundamentais.

Poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente.

O secretario,

Recibín orixinal:

Data: / / 20

DNI:

A/O interesada/o:

